Galicia Encantada

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A pedra santa

Na zona do Lourido da parroquia de Meira, en Moaña (Pontevedra), existe unha pedra ubicada no monte de considerables dimensións.

Está situada nunha zona na que os canteiros traballaron arreo para quitar pedra con destino á construción do peirao de Vigo. Pero cando intentaron rachala para a trasladar non o conseguiron por moito que teimaron.

Circulou, entón, unha lenda na que se atribuía á protección da Virxe o carácter sagrado da pedra e por iso non se podía romper. Era, e así se coñece, unha pedra santa.

[Lenda remitida por Soledad Ríos Santomé, de Moaña (Pontevedra)]